

“Por nada” e “O pintor de ceos” mellores curtas de ficción e animación, respectivamente

O VI Festival de Cans de xa ten os premiados do xurado. O filme “Por nada” de Dani de la Torre gaña o Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe no VI Festival de Cans. O xurado escolleu este traballo “por ser unha peza na que todos os elementos dunha curtametraxe están equilibrados: a historia, a narrativa empregada, as interpretacións, o ritmo...”. A seleccionada como mellor curta de animación polo xurado foi “O pintor de ceos” de Jorge Morais, neste caso “por crear un mundo propio nunha curta na que cada plano está traballado ao límite”.

O xurado deulle o Premio á Mellor Actriz a Henar Jiménez pola súa interpretación en “Uruguay 2030”. Valorou “a súa madurez interpretativa, a pesar da súa curta idade, atinada en todos os rexistros”. O Premio ao Mellor Actor concedéronllo ex aequo a Edgar Blanco e Vicente de Souza. O primeiro, integrante do reparto de “Uruguay 2030”, elixírono “por ofrecer unha interpretación redonda, sinxela e honesta”; e o segundo, de “Quieres ser director de cine?”, “porque sobresa e o seu oficio de actor e escolle con gran acerto o rexistro necesario para o personaxe”.

O xurado estivo formado por Gonzo, Luis Piedrahita, Cristina Castaño, María Bouzas, Celia Freijeiro, Camilo Franco e Luis Iglesia.

Yes we Cans!

O público de Cans amosa cada ano maior entusiasmo. Moitos dos asiduos chegaban onte coas camisolas das edicións anteriores, exhibindo a súa incondicional adhesión ao “agroglamour”. Os principiantes non paraban de preguntar como naceu este evento tan concorrido e especial. É certo que o Festival de Cans medrou moito dende a súa primeira edición hai seis anos, pero o verdadeiramente importante é que mantén a súa esencia, a fórmula perfecta entre cinema, música e festa para todos os gustos, cos múltiples alicientes da súa emblemática localización na aldea de Cans e a maxia de ver curtametraxes en “jalpóns” familiares.

Abrimos a xornada do venres no Baixo do Moncho. Como bos galegos, as sobremesas en Cans son prolongadas e os primeiros espectadores foron chegando devagar. A primeira hora presentáronse os traballos dos seus respectivos festivais, o Shoot-me Film Festival de A Haia (Holanda) e o Festivalito de La Palma (Canarias), ambos socios do Festival de Cans na creación da rede internacional Anywhere Cinema, que integra festivais caracterizados por proxectar cinema fóra das salas convencionais e levalo ao lugares máis insólitos.

Cheo no baixo do Moncho

A sala foise enchendo e animando ao longo das presentacións dos “Fillos de Cans”, directores que pasaron polas edicións anteriores do festival que

accederon a amosarnos imaxes inéditas dos proxectos que están desenvolvendo na actualidade. O público puido así manter un ameno coloquio con Jorge Coira, Quique Otero, Fernando Cortizo e Mario Iglesias e descubrir algúns dos segredos das súas rodaxes.

Coa estrea de “Sonata para un dueto”, dirixida por Javier Ruiz, houbo un cheo absoluto. Máis grazas á presenza dun dos actores protagonistas, Manuel Manquiña, visitante fixo de Cans que sempre consegue revolucionar a festa. Finalmente, a sala case quixo quedar pequena coa presentación da curtametraxe de Álvaro León e Rubén Coca “A nena que tiña unha soa orella”, baseada nun relato de Lucía Etxebarria e con debuxos de Víctor Coyote. A presenza da escritora suscitou un gran interese e mobilizou a un bo número de lectores, mesmo algún que esperaba que Etxebarria lle asinase un libro.

Chimpíns, estreas e rock and roll

Pola noite na procesión de chimpíns ata o torreiro puidemos facer reconto do starsystem que este ano decidiu visitar Cans: Xosé Barato, Uxía Blanco, Miguel de Lira, Monti Castiñeiras, Silvia Superstar, Víctor Fábregas, Piti Sanz, Tony Lomba...

No acto de apertura, entre a presentación do making off do ano pasado, da serie da TVG “Última hora” e do documental “Querida Gina” houbo momentos de especial importancia para a xente de Cans. Silvino González Baceo, capinteiro das pantallas e condutor de chimpibús, recibiu o Chimpín de Prata xunto coa actriz Camila Bossa. Na estrea de “Houston”, curtametraxe resultado do proxecto Cans 303 sobresaíu a intervención dos actores locais Diana González e o neno Raúl Rodríguez, que subiu con brío ao escenario para facer os seus agradecementos.

A festa musical comezou a medianoite co esperado debut de Teté Delgado y Los Ciclones. A artista local xogaba na casa e soubo manter a enerxía desde o primeiro momento. Quedaron os ánimos ben levantados para o concerto máis esperado deste ano. Kiko Veneno foi ao gran dende o comezo e ofreceulle a un público entregado todos os seus grandes éxitos. Aínda quedaba corda para un bo rato e moitos continuaron choutando coa sesión DiscoChimpín de Dj Lagartija.

Coloquios de sesións continuas no día grande

A xornada do sábado amenceu por segundo ano consecutivo con ameaza de chuvia, pero tamén por segundo ano isto non intimidou aos ousados que ás dez da mañá fixeron a ruta de senderismo guiada polas principais canles de auga da aldea.

O coloquio na leira tivo que trasladarse tamén baixo o acubillo da carpa que cobre o torreiro de Cans. Alí debateuse de cinema con Manuel Martín Cuenca, presentado por Antonio Durán “Morris”. O director de filmes como “La flaqueza del bolchevique” ou “Malas temporadas”, demostrou ser un bo coñecedor das problemáticas actuais do sector audiovisual. No Jalpón Friki os espectadores puideron ver a súa curtametraxe “Nadie” e fragmentos dalgúns dos seus

documentais.

Despois do xantar houbo unha nova procesión de chimpibuses e púxose en funcionamento a liña regular de distribución de espectadores entre as oito salas con proxección a concurso no VI Festival de Curtametraxes de Cans. Ao mesmo tempo comezaron a funcionar en sesión continua as dúas salas de acceso libre, o Jalpón Friki e a Sala Multiusos, con propostas irreverentes, de creación, documentais, que van máis alá da ficción.

A estas alturas do gran día no Festival de Cans apenas se nota o cansancio na organización, aínda con folgos suficientes para un peche de festa apoteósico coa Cé Orquestra Pantasma, Lamatumbá e Dj Lagartija. Porque Cans é posible grazas aos esforzos e á suor de moita xente que dende os comezos creu neste proxecto. Un ano máis valeu a pena.

Yes we Cans!

Gracias a todas/os polo apoio e de hoxe nun ano.